

saída, de ser o caso, durante a duración oficial do curso, para poder acreditar o tempo que faltou. De non facelo así e realizarse un control de asistencia extraordinario, perderá o dereito a recibir o certificado.

## 12. Certificados.

a) Outorgaráselle o correspondente certificado de asistencia ao alumnado que participe con regularidade e dedicación no desenvolvemento do curso. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado, a EGAP poderá fixar a realización das probas que considere oportunas.

b) É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todas as sesións de curso. Calquera ausencia non xustificada ou xustificada insuficientemente implicará a perda do dereito ao certificado acreditativo de participación no curso.

Unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditarán documentalmente ante o servizo competente da EGAP ou ante a persoa responsable do curso nun prazo máximo de 10 días despois de que este finalice e, en ningún caso, esta ausencia poderá superar o 15% das horas lectivas.

c) Para que quede coñecemento e constancia no seu expediente, as persoas participantes nos cursos terán que facilitarlle unha copia das certificacións recibidas ao servizo de persoal do centro directivo a que estean adscritos.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2008.

Antonio Izquierdo Escribano  
Director da Escola Galega de Administración  
Pública

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 11 de xaneiro de 2008 pola que se procede á convocatoria para o exercicio 2008, en réxime de concorrencia competitiva, das liñas de axuda das bases reguladoras do Programa de Apoio á Innovación das Pequenas e Medianas Empresas (Programa Innoempresa) en Galicia.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 22 de febreiro de 2007, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do Programa de Apoio á Innovación das Pequenas e Medianas Empresas (Programa Innoempresa) en Galicia, publicadas mediante a Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio).

Estas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de

solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, as liñas de axuda das bases reguladoras do Programa de Apoio á Innovación das Pequenas e Medianas Empresas (Programa Innoempresa) en Galicia, publicadas mediante a Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio de 2007), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo comezará o día hábil seguinte, e pecharase o 17 de marzo de 2008.

Segundo.-Os créditos dispoñibles para concesións no exercicio 2008 ascenden a 4.500.000 euros, que se aboarán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-E4/10/02-656700: 2.000.000 €.

-E4/10/02-656800: 2.500.000 €.

Terceiro.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante resolución publicada para o efecto.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

*Resolución do 11 de xaneiro de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para titulares de explotacións galegas de gando porcino e cunicultura.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 26 de novembro de 2007, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para titulares de explotacións galegas de gando porcino e cunicultura.